



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de outubro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez , Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 28 de setembro do dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS.-

“Visto o escrito de **Don Enrique Rodríguez Alfaro**, onde solicita Licenza para a construción de vivenda unifamiliar en Santo Andre, segundo Proxecto Básico e documentación complementaria que se presenta.

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 29 de setembro de 2011 no que se fan as seguintes consideracións:

“Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras. Sendo necesario antes do Inicio das Obras a presentación do proxecto de execución, e os correspondentes Oficios de Dirección das obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de coordinación en Materia de Seguridade e Saúde”.

Visto o Informe Xurídico de data 30-09-2011 que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia para a Construción dunha vivenda unifamiliar no lugar Budeiro, Santo Andre a **Don Enrique Rodríguez Alfaro**.

1.- Condicións xerais:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, ou no caso concreto licencia de apertura e entrada en funcionamento, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Construción de vivenda unifamiliarr.

Contía na que se orzan as obras: 82.500 €.

Situación e emprazamento das obras: O Budeiro, Santo André.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Enrique Rodríguez Alfaro.

Nome ou razón social do promotor: Don Enrique Rodríguez Alfaro.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de apertura provisional.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 28.03.08, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 2.145 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 82.500 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, coincidindo coa contía xa aboada.

Importe execución material / coste da obra:	82.500,00 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.145,00 €
Aboado por autoliquidación:	2.145,00 €
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	0,00 €

Outras condicións:

-As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente.

-Antes do inicio das obras a presentación do Proxecto de Execución, e os correspondentes Oficios de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

-O Proxecto Básico conta con informe favorable da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de Ourense de data 24 de febreiro de 2011, sempre que no Proxecto de Execución que se presente se teñan en conta unha serie de consideracións compositivas e de materiais que garantan a máxima integración da edificación proposta no lugar.

Na documentación complementaria correspondente ao Proxecto Reformado de Vivenda Unifamiliar, presentado o 11 de maio de 2011, veñen contempladas as consideracións compositivas e dos materiais do informe da Comisión de Patrimonio do 24 de febreiro de 2011.

-En base o *artigo 24. Réxime*, deberes e dereitos, en solos de núcleos rurais da Lei 9/2002:

2. Cando se pretendan construír novas edificacións, ou substituír as existentes, as persoas propietarias deberán cederlle gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso e executar, á súa conta, a conexión cos servizos existentes no núcleo nos termos previstos no artigo 172°.1 desta lei.

A superficie de cesión é de 27,00m², como ven indicada no plano 3-a, quedando o cerre da parcela a 4 metros do eixe da vía.

- Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Primeira Ocupación”.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

“Visto o escrito de **Don Antero Docampo Parente, na representación de Residencial Ribadavia S.A.**, onde solicita Licenza para a modificación de licenza concedida para a Rehabilitación e edificio de vivendas no inmovible sito na rúa Progreso nº 37, desta Vila, segundo Proxecto Básico e de Execución e documentación complementaria que se presenta.

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 29 de setembro de 2011 no que se fan as seguintes consideracións:

-Infórmase favorablemente á concesión da Modificación da Licenza de Obras solicitada xa que as obras que se solicitan son obras permitidas pola normativa urbanística vixente, PEPRI, e recollidas no *artigo 21. Obras Permitidas*; manténdose o uso comercial en planta baixa e o uso residencial en plantas altas inicialmente proxectados e que se inclúen como usos protexido ou recomendados no *Capítulo I.- Usos da Edificación do Título VI.- Condición de Uso* das Ordenanzas da citada normativa.

-Antes do Inicio das Obras deberán presentarse os correspondentes Oficios de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en Seguridade e Saúde.

Visto o Informe Xurídico de data 30-09-2011 que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza para o Proxecto Básico e de Execución. Documento Refundido, de Rehabilitación de edificio de vivendas no inmovible sito na rúa Progreso nº 37a **Don Antero Docampo Parente, na representación de Residencial Ribadavia S.L.**

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, ou no caso concreto licencia de apertura e entrada en funcionamento, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación de edificio.

Contía na que se orzan as obras: 286.500,45 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Progreso nº 37.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Manuel Vidal Garcia.

Nome ou razón social do promotor: Residencial Ribadavia S.L..

Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licencia de apertura provisional.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 286.500,45 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 7.449,01€ a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	286.500,45 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	7.449,01 €
Aboado por autoliquidación:	0,00 €
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	7.449,01 €

Outras condicións:

-Antes do Inicio das Obras deberán presentarse os correspondentes Oficinos de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en Seguridade e Saúde.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

-As obras que se solicitan son obras permitidas pola normativa urbanística vixente, PEPRI, e recollidas no *artigo 21. Obras Permitidas*; manténdose o uso comercial en planta baixa e o uso residencial en plantas altas inicialmente proxectados e que se inclúen como usos protexido ou recomendados no *Capítulo I.- Usos da Edificación do Título VI.- Condición de Uso* das Ordenanzas da citada normativa”.

LICENCIA DE SEGREGACION.-

Visto o expediente tramitado a nome de **Don José Luis Sánchez Villar**, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Irmáns Alvarez Araujo nº 1, no que solicita licencia de segregación dunha parcela sita na estrada de San Paio nº 1 (rúa Irmáns Alvarez Araujo nº 3-Estrada de San Paio), a Xunta de Goberno Local, visto o informe do técnico municipal de data 30.09.2011 no que se establece que se cumpre o fixado na Sección 4ª Parcelacións da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acorda acceder o solicitado de acordo coa documentación técnica presentada polo Arquitecto Antonio Jesus Losada Beltrán, que establece o seguinte:

“A parcela matriz con referencia catastral 1229314NG7812N ten unha superficie de 756,25m², as catro parcelas resultantes segundo a documentación presentada teñen as seguintes superficies:

- Parcela 1:..... 261,39m².
- Parcela 2:.....166,98m².
- Parcela 3:.....144,60m².
- Resto Finca Matriz:182,26m².”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Visto o expediente que se está a tramitar a nome **Agro do Ribeiro 2009 S.L.**, con domicilio na estrada N-120, km. 595, A Quinza no que solicita licencia para a legalización de obra de adaptación de nave industrial para a venta de abonos, pensos e fitosanitarios, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darlle traslado do informe do técnico municipal de data 30.09.2011 e que de seguido transcríbese:

“Normativa de aplicación:

A normativa urbanística vixente do Concello de Ribadavia son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, (NNSSPPMM), aprobadas definitivamente ó 28 de outubro do 1986 e publicadas nos BOP nº 239, do 16 de outubro do 1986, e nº 66, do 23 de marzo do 1987; e NCSPP no DOGA de 19 de xuño do 1991.

Esta normativa está supedita á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, pola Lei 6/2007 de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minería de Galicia, pola Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia; pola Lei 2/2010, do 25 de marzo.

RESPECTO DO OFICIO DO SR. ALCALDE:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Visto o Oficio do Sr. Alcalde e o Informe Xurídico Secretaria no que se solicita aclaración de varios puntos dos informes realizados polo técnico Elías Pato Rodríguez, considero oportuno informar o seguinte:

Primeiro: Con data 22 de marzo do 2011 preséntase solicitude de licenza para pintura de fachada e reparación de beirarrúa. Estas actuacións se encadran en obras de mera conservación, e segundo o artigo 9 *deberes de uso, conservación e rehabilitación* da lei 9/2002:

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:
 - a) Destinalos ós usos permitidos polo planeamento urbanístico.
 - b) Mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

O solicitante pide reparación de beirarrúa, entendéndose que xa existía e que as actuacións a realizar son de mantemento. De tratarse da realización dunha pavimentación nova da parte frontal da fachada en formigón a modo de beirarrúa, xa non estaría encadrada como obra de mera conservación.

Segundo: A parcela onde se sitúa a nave con referencia catastral nº 32070A014002720000YA, está en clase de solo SUB solo urbanizable prescrición usos mixtos segundo NNSSPPMM, aplícase integramente a Lei 9/2002 artigo 21. *Réxime do solo urbanizable* punto 4 :

4. No solo urbanizable non-delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico nesta lei.

A parcela está en clase de solo rústico.

Terceiro: No informe emitido polo técnico en data 24 de marzo de 2011, indícase que a nave actualmente non ten uso, solicítase antecedentes administrativos da nave. Con data 25 de marzo do 2011 resolvese incoar expediente para restauración da legalidade urbanística.

Cuarto: En data 13 de abril do 2011 preséntase *PROYECTO DE ACTIVIDADE PARA VENTA DE ABONOS PENSOS E FITOSANITARIOS* redactado polo arquitecto técnico Alberto Rodríguez Rodríguez nº Colexiado 282 no Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnico de Ourense.

Quinto: A nave ten unha antigüidade superior os dez anos segundo escrito presentado polo redactor do Proxecto de Actividade Alberto Rodríguez Rodríguez en data 20 de abril de 2011, e non hai constancia de que se conte con licenza de actividade, nin se acredita o uso que tivo a nave anteriormente.

En aplicación do artigo 210 *obras terminadas sen licenza* da Lei 9/2002:

1. De estaren rematadas as obras sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde ou a alcaldesa, dentro do prazo de seis anos, contados desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nas alíneas 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior. Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

2. Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.

Sexto: Segundo o artigo 103 *fóra de ordenación* da lei 9/2009:

1. Os edificios e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resultasen desconformes con este quedarán sometidos ao réxime de fóra de ordenación.

2. Nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só poderán autorizarse obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente. Agás que no



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

planeamento se dispoña xustificadamente o contrario, en ningún caso se entenderán incluídas na situación prevista nesta alínea as edificacións ou instalacións en solo rústico que obtivesen legalmente a preceptiva licenza urbanística e que se executasen de conformidade con esta.

3. Nas construcións só parcialmente incompatibles co novo planeamento poderán autorizarse, así mesmo, obras parciais e circunstanciais de consolidación, así como as de mellora, de reforma e, en casos xustificados, de ampliación da superficie construída que se determinen no plan xeral respectivo.

4. O concello comunicarlle ao rexistro da propiedade, para efectos da súa constancia, as limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Sétimo: O Proxecto presentado o 13 do abril de 2011 non recolle actuación de pintura de fachadas, nin de reparación de beirarrúa. O Proxecto de Actividade describe a actividade que se vai desenvolver, de venta de abonos, pensos e produtos fitosanitarios, xustifica o cumprimento da normativa de aplicación e describe a nave con plantas, alzados e seccións.

Oitavo: Na actualidade están executadas obras na fachada cara á estrada N-120, consistentes nunha estrutura de pes dereitos de madeira e correas de madeira sobre a que apoia unha malla. Estas actuacións xa estaban executadas o 13 de xuño do 2011, e recollidas no informe emitido polo técnico nesa data. Son obras que non está contempladas no Proxecto de Actividade presentado o 13 de abril do 2011, e para as cales non se solicitou licenza de obras.

Noveno: A estrutura de madeira de carácter provisional está dentro da zona de afección, que comprende 50 metros dende aresta exterior da explanación da Estrada N-120, lei 25/1988 de estradas artigo 23:

2. Para executar en la zona de afección cualquier tipo de obras e instalaciones fijas o provisionales, cambiar el uso o destino de las mismas y plantar o talar árboles se requirirá la previa autorización del Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo, sin perjuicio de otras competencias concurrentes y de lo establecido en el artículo 38.

3. En las construcciones e instalaciones ya existentes en la zona de afección podrán realizarse obras de reparación y mejora, previa la autorización correspondiente, una vez constatados su finalidad y contenido, siempre que no supongan aumento de volumen de la construcción y sin que el incremento del valor que aquéllas comporten pueda ser tenido en cuenta a efectos expropiatorios, todo ello, asimismo, sin perjuicio de las demás competencies concurrentes y de lo dispuesto en el artículo 39.

RESPECTO DA SOLICITUDE DE LICENZA PARA UNHA CONSTRUCIÓN DE CARÁCTER MÓBIL:

Primeiro: Con data 12 de agosto do 2011 preséntase solicitude de licenza para construción de estrutura de carácter móbil e provisional na fachada da nave situada na estrada N-120, km. 595 de Ribadavia. As obras estaban executadas dende xuño do 2011, e no informe emitido polo técnico o 13 de xuño do 2011 axúntase reportaxe fotográfico onde se constata este feito.

Estas obras non se encadran en obras de mera conservación e necesarias para o mantemento do uso preexistente.

CONCLUSIÓN: Na situación actual da nave, fóra de ordenación, so se permiten obras de mantemento e conservación sempre que se manteña o uso preexistente. As actuacións que son legalizables son a pintura de fachada e a reparación da beirarrúa.

En canto a solicitude de licenza de actividade e a construción de estrutura de carácter móbil na fachada da nave, informase desfavorablemente."

COLOCACION DE LÁPIDA CONMEMORATIVA.-

Visto o escrito de **Dona Esperanza Alvarez Martínez**, veciña desta vila, con domicilio na N-120, nº 3, Poral 2, 1ºB, desta vila, no que interesa autorización para cambio de lápida conmemorativa da sepultura terrea sita no cemiterio de Ribadavia, nicho núm.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

11, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda, cos condicionantes establecidos na respectiva ordenanza, acceder ao interesado, pero recordándolle que tal colocación terá carácter provisional e non suporá dereito de propiedade sobre a devandita sepultura e que antes de proceder a colocación da lápida deberá avisar ao persoal do Concello.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.-

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PROFESOR DE MÚSICA.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 3 de outubro de 2011 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de Profesor de Música.

No expediente constan os seguintes elementos:

- 1º.- Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 03.10.2011.
- 2º.- Informe xurídico de data 03.10.2011.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de Profesor de Música.

DEVOLUCIÓN DE AVAL.-

Visto o escrito presentado pola empresa Tecar S.L., sobre devolución de aval relativo o contrato de obra “Rehabilitación edificio para a creación de centro de Información Xuvenil”, por importe de 6.899,86 €, a Xunta de Goberno Local comprobado que xa traxo o prazo da garantía definitiva e a efectiva consignación do citado aval na Tesourería municipal, acorda por unanimidade dos seus asistentes a devolución do citado aval por importe de 6.899,86 €.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.